## DEFINICIÓN DO PERFIL PROFESIONAL

| | |
|---|---|
| **CATEGORIA PROFESIONAL** | **TRABALLADOR/A SOCIAL – LABORAL TEMPORAL GRUPO II** |
| **POSTO DE TRABALLO** | **TRABALLADOR/A SOCIAL** |
| **CENTRO DIRECTIVO** | **FUNGA** |
| **UNIDADE** | **TRABALLO SOCIAL** |

BORRADOR FUNGA-UGT

| | |
|---|---|
| **<u>COMPETENCIA XERAL</u>** | ASESORAMENTO NO EIDO SOCIAL DA FUNGA NO EXERCICIO DA SÚA ACTIVIDADE FUNDACIONAL E CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS DELA DERIVADAS; ATENCIÓN E SEGUIMENTO DAS CUESTIÓNS SOCIAIS QUE AFECTEN ÁS PERSOAS QUE RECIBEN O APOIO DA FUNDACIÓN NESE EIDO. |
| **COMPETENCIAS TECNICAS** | 1. – Asesoramento social da FUNGA no exercicio da súa actividade fundacional.<br>2. - Execución das medidas de apoio provistas xudicialmente no que afecte ao eido social.<br>3. - Cumprimento das salvagardas e medidas de control establecidas legal e xudicialmente.<br>4. - Atención ao público. |
| **COMPETENCIAS TRANSVERSAIS** | 1.- **Coñecer** en profundidade á FUNGA e a **normativa que regula a súa actividade fundacional**.<br>2.- Manter unha **actividade profesional ordeada, flexible e coordinada** co resto do **equipo.**<br>3.- Estar capacitado para a **comunicación interpersonal** e o traballo en equipo.<br>4.– Ser quen de daptar a atención e a comunicación ás circunstancias da persoa coa que se interactúa. |

BORRADOR FUNGA-UGT

**ORGANIGRAMA**




BORRADOR FUNGA-UGT

**RECURSOS, XORNADA E HORARIOS**

| | |
|---|---|
| **RECURSOS EMPREGADOS PARA A REALIZACIÓN DAS FUNCIÓNS ENCOMENDADAS** | ❑ Ordenador e demáis material informático e ofimático.<br>❑ Base de datos propia da FUNGA.<br>❑ Vehículo oficial.<br>❑ Material de oficina e de escritorio.<br>❑ Correo electrónico.<br>❑ Intranet.<br>❑ Teléfono fixo individual e teléfonos móviles comúns para desprazamentos. |
| **XORNADA DE TRABALLO E HORARIOS** | ❑ A xornada ordinaria, como empregados públicos, é de 37.5 h. e, con carácter xeral, vai de 7.45 a 15.15 h de luns a venres. |

BORRADOR FUNGA-UGT

**COMPETENCIAS TÉCNICAS**

| UNIDADE DE COMPETENCIA | REALIZACIÓNS PROFESIONAIS | CRITERIOS DE EXECUCIÓN |
|---|---|---|
| **1. – ASESORAMENTO SOCIAL DA FUNGA NO EXERCICIO DA SÚA ACTIVIDADE FUNDACIONAL.** | **ASESORAR Á FUNGA NAS CUESTIÓNS SOCIAIS VINCULADAS COAS MEDIDAS DE APOIO ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE** | 1.1. Estudo do expediente e situación social da persoa.<br><br>1.2. Determinación dos riscos e posibles actuacións a levar a cabo.<br><br>1.3. Propoñer á dirección da fundación as opción de actuación e solucións máis viables dende o punto de vista social. |

BORRADOR FUNGA-UGT

| | | |
|---|---|---|
| **2. – EXECUCIÓN DAS MEDIAS DE APOIO PROVISTAS XUDICIALMENTE NO QUE AFECTE AO EIDO SOCIAL** | **EXECUCION DAS MEDIAS DE APOIO PROVISTAS Á PERSOA CON DISCAPACIDADE NO QUE AFECTE AO EIDO SOCIAL** | 2.1. Desprazamentos aos domicilios das persoas ou centros residenciais para entrevistalos e coñecer a súa situación persoal, social e o seu entorno.<br>2.2. Realización do informe social pertinente e valoración social do caso.<br>2.3. Proposta do plan de actuación social.<br>2.4. Xestión e tramitación de todo tipo de recursos sociais (públicos ou privados) encamiñados á integración, promoción da autonomía e consecución do benestar das persoas apoiadas, tales como solicitudes de prestacións, axudas e prazas en centros residenciais e tramitación de recursos como servizos de axuda a domicilio.<br>2.5. Realización de cantos informes sociais sexan solicitados por institucións, organismos ...<br>2.6. Realizar visitas periódicas ao domicilio das persoas, recibilas nas instalacións da FUNGA e manter contacto telefónico para valorar a evolución da situación social e/ou familiar e intervir no caso de ser preciso.<br>2.7. Atención de todo tipo de demandas que poidan formular: afectivas, económicas, de apoio, consultas, etc., así como dar apoio en determinados aspectos da vida diaria.<br>2.8. Propoñer sobre a distribución dos recursos económicos das persoas apoiadas segundo as necesidades de cada unha delas e explicarlles dita situación.<br>2.9. Prestación de apoio social á persoa con discapacidade cando estivese incluido na medida de apoio. |

BORRADOR FUNGA-UGT

| | | |
|---|---|---|
| **3. – CUMPRIMENTO DAS SALVAGARDAS E MEDIDAS DE CONTROL ESTABLECIDAS LEGAL E XUDICIALMENTE.** | **ELABORACIÓN DOS INFORMES SOCIAIS PRECISOS PARA AS RENDICIÓNS DE CONTAS ASÍ COMO OS QUE FOSEN PRECISOS PARA OUTRAS ACTUACIÓNS** | 4.1. Recopilación da información e documentación precisa.<br>4.2. Redacción do documento.<br>4.3. Presentación do documento redactado e información complementaria polas vías pertinentes.<br>4.4. Arquivo na base de datos e no expediente físico. |
| | **VALORACIÓN E PROPOSTA DE INTERNAMENTOS INVOLUNTARIOS, REDACCIÓN DOS INFORMES SOCIAIS PRECISOS PARA ACOMPAÑAR ÁS SOLICITUDES DE AUTORIZACION XUDICIAL ASÍ COMO A SÚA EXECUCIÓN UNHA VEZ CONCEDIDA** | 4.5. Estudo da situación persoal e social e valoración da necesidade de internamento mediante o desprazamento ao domicilio da persoa e a súa entrevista.<br>4.6. Recopilación da información e documentación precisa.<br>4.7. Redacción do informe social onde se xustifique a necesidade do internamento no que se basará solicitude de autorización xudicial.<br>4.8. Autorizado xudicialmente o internamento, desprazamento ao domicilio da persoa para tentar a súa execución, contactando, de ser preciso, coas forzas de seguridade e/ou con persoal sanitario.<br>4.9. Seguimento da adaptación e evolución da persoa no centro.<br>4.10. Valoración da necesidade de continuar ou non co internamento.<br>4.11. Arquivo na base de datos e no expediente físico. |

BORRADOR FUNGA-UGT

| | | |
|---|---|---|
| **4.- ASESORAMENTO E ATENCIÓN AO PÚBLICO** | **PRESTAR ASESORAMENTO SOBRE CUESTIÓNS XURÍDICAS RELATIVAS A ACTIVIDADE FUNDACIONAL E ATENCIÓN AO PÚBLICO** | 4.1. Prestar asesoramento sobre as cuestións xurídicas relacionadas coa activiade fundacional a outros profesionais, familiares de persoas con discapacidade, ás propias persoas con discapacidade e ao público en xeral.<br>4.2.Atención presencial e telefónicas ás persoas con discapacidade, aos seus familiares e as demáis persoas que o demanden. |

BORRADOR FUNGA-UGT

**COMPETENCIAS TRANSVERSAIS**

| REALIZACIÓNS PROFESIONAIS | CRITERIOS DE EXECUCIÓN |
|---|---|
| **1. Coñecer en profundidade á FUNGA e a normativa que regula a súa actividade fundacional.** | 1.1. Sendo coñecedor do funcionamento da FUNGA e das obrigas que para a FUNGA implica a súa actividade fundacional.<br>1.2. Mantendo un compromiso de coñecemento actualizado da normativa reguladora da actividade fundacional.<br>1.3. Tendo unha actitude participativa buscando o xeito máis eficiente de realizar as competencias asignadas. |
| **2. – Manter unha actividade profesional ordeada, flexible e coordinada co resto do equipo.** | 2.1. Expresando as ideas propias e aceptando as alleas nun clima positivo e sen agresividade, sempre en aras dun obxectivo común.<br>2.2. Traballando en equipo cando sexa preciso.<br>2.3. Desempeñando toda a actividade individual sen perder as referencias á labor colectiva<br>2.4. Respectando as decisións de superiores ou do equipo e asumíndoas responsablemente<br>2.5. Mantendo sempre unha actitude coherente.<br>2.6. Desempeñando unha actividade ordeada, que facilite a xestión dos outros.<br>2.7. Mantendo un axeitado fluxo de relacións humanas no traballo |

BORRADOR FUNGA-UGT

| | |
|---|---|
| **3. - Estar capacitado para a comunicación interpersonal e o traballo en equipo.** | 3.1. Potenciando a toma de decisións colaborativa<br><br>3.2. Sendo parte da solución dos conflictos, mantendo unha actitude de mediación construtiva, non crítica.<br><br>3.3. Apoiando o esforzo persoal e colectivo para a mellora e desenvolvemento de novas propostas e para a corrección de los conflictos<br><br>3.4. Mantendo unha actitude aberta, tolerante e construtiva en todo momento |
| **4. – Ser quen de daptar a atención e a comunicación ás circunstancias da persoa coa que se interactúa.** | 4.1. Ser consciente das circunstancias das persoas coas que se está a tratar.<br><br>4.2. Adaptando a linguaxe ás capacidades do noso interlocutor.<br><br>4.3. Mostrando en todo momento interese polo tema a tratar.<br><br>4.4. Mantendo unha actitude paciente e sosegada. |

BORRADOR FUNGA-UGT